

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN E O LAR GALLEGO DE SEVILLA PARA A ACTUACIÓN URXENTE NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DA SEDE SOCIAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar co Lar Gallego de Sevilla o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre as entidades asinantes para a actuación urxente na instalación eléctrica da sede social da Asociación Lar Gallego de Sevilla.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A asociación Lar Gallego de Sevilla é unha entidade de carácter cultural, benéfico, recreativo e deportivo sen ánimo de lucro, fundada en 1956 e inscrita no Rexistro da Galeguidade como comunidade galega. A entidade ten establecida a súa sede social na rúa Padre Méndez Casariego, nun local en propiedade.

No mes de maio de 2024, por mor dunha inspección do servizo correspondente do Concello de Sevilla, a entidade recibiu unha acta onde se describen e localizan unha serie de defectos graves na instalación eléctrica do local e se establece un prazo de seis meses para a súa corrección.

O custo total estimado da actuación é de 12.879,92 €, segundo o orzamento presentado, e á entidade élle imposible asumilo cos seus propios recursos.

A Secretaría Xeral da Emigración considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, por tratarse dunha actuación puntual que non pode enmarcarse dentro da actuación xeneralizada de axudas establecida para este tipo de actividades, con base no disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública debido á propia natureza do proxecto.

A importancia desta entidade para a colectividade galega que reside en Andalucía xustifica o interese público para a concesión directa e extraordinaria da subvención obxecto deste convenio por parte da Secretaría Xeral da Emigración ao abeiro do disposto no citado artigo 19.4 c) da Lei 9/2007.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración comprométese a achegar unha contía de dez mil euros (10.000€) con cargo á aplicación orzamentaria 44.05.312C.481.0, código de proxecto 2015 00039, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Con atención no exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustifico



recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O secretario xeral da Emigración

Antonio Rodríguez Miranda

